

Antropoloxía (1º de Bach.)

O que diferencia a antropoloxía doutras disciplinas veciñas é o seu marcado e específico carácter global e comparativo. Os pobos, as crenzas, a cultura... son observados baixo a lente dunha análise obxectiva que debe contribuír de xeito decisivo ao coñecemento da persoa como tal e como ser social; e hoxe engadiríamos global. Pero, ademais, proporciona múltiples perspectivas, xa que combina dentro do vasto campo antropolóxico, outras achegas de saberes e perspectivas diversas. A combinación de saberes e contribucións que converxen nesta materia convértena nunha área singular para tratar de lle insuflar aos alumnos/as un aire de comprensión e universalidade que os/as libere do cinto de etnocentrismo que a cotío preside as súas vidas.

Esta riqueza perspectivística pode axudar o alumnado tanto a alcanzar unha madureza como persoa e, a fixar e relacionar diversos coñecementos que foi adquirindo na súa traxectoria académica: filosofía, bioloxía, linguas, historia, economía, arte, etc. Daquela a Antropoloxía convértese nunha materia que lle propoña ao alumno a reflexión como eixe fundamental dunha existencia cívica crítica e construtiva.

O currículo da materia consta de cinco bloques que van en orde ascendente, en relación ao grao de abstracción e xeneralidade. Daquela, desde a antropoloxía física, pasando pola cultural e social, chégase ao cumio da antropoloxía filosófica como elemento característico que lle debe servir ao alumnado para pechar ou redondear todas as reflexións previas.